

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN, TITULACIÓN E MATRÍCULA DE HONRA

Segundo a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*

ESO

### PROMOCIÓN

Aproba todas as materias	Promociona ao seguinte curso
Ata dúas materias non aprobadas	Promociona ao seguinte curso coas materias pendentes
Tres ou mais materias suspensas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa <b>igual ou superior</b> a cinco	Pode promocionar se cumpre os seguintes criterios 1-O equipo docente do/a alumno/a estima que ten expectativas favorables de recuperación das materias non superadas. 2-O equipo docente do/a alumno/a considera que a promoción supón un beneficio para a evolución académica do/a alumno/a. 3-O equipo docente do/a alumno/a considera que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
Tres ou mais materias non aprobadas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico <b>inferior</b> a cinco	Non promociona

### TITULACIÓN

Aproba todas as materias	Titula
Unha ou mais materias suspensas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa <b>igual ou superior</b> a cinco	Pode titular se cumpre os seguintes criterios 1- O equipo docente do/a alumno/a estima que a alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos da etapa. 2-O equipo docente do/a alumno/a considera que a alumna ou o alumno adquiriu as competencias establecidas.

## BACHARELATO

### PROMOCIÓN de 1º BAC a 2º BAC

Supera a totalidade das materias	Promociona ao seguinte curso
Ata dúas materias non superadas	Promociona ao seguinte curso coas materias pendentes
Tres ou mais materias non superadas	Non promociona

## TITULACIÓN

Supera a totalidade das materias	Titula
<p style="text-align: center;">EXCEPCIONALMENTE</p> <p>Unha materia non superada na <b>avaliación extraordinaria</b> con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco.</p>	<p>Pode titular se cumpre os seguintes criterios</p> <p>1-O equipo docente do/a alumno/a estima que a alumna ou o alumno acadou as competencias e os obxectivos vinculados ao título de Bacharelato.</p> <p>2-Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.</p> <p>3-Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do/a alumno/a na materia.</p>
Dúas ou mais materias non superadas	Non titula

### CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

Segundo a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:*

#### Matrícula de honra ESO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

O criterio para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado no IES Coruxo son os seguintes:

Mellor nota media no curso

En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

- 1-Mellor nota media de etapa
- 2-Mellor nota media en 3º ESO
- 3-Mellor nota media en 2º ESO
- 4-Mellor nota media en 1º ESO

#### Matrícula de honra Bacharelato

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de segundo de bacharelato, obtivesen unha nota media do bacharelato igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo de bacharelato.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

O criterio para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado no IES Coruxo son os seguintes:

Mellor nota media no curso

En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

- 1- Mellor nota media en 1º BAC
- 2- Mellor nota media de etapa
- 3-Nota máis alta na troncal obrigatoria cursada en 2º BAC
- 4-Nota máis alta na troncal obrigatoria cursada en 1º BAC

Tanto na ESO como en Bacharelato en caso de persistir o empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras e o secretario do centro, quen levantará acta.